

COMO COMBATILOS?

1. TRAMPAS

Pon trampas no teu viñado en primavera ou cando maduren as uvas, pero nunca as teñas postas todo o ano. Lembra baleiralas cando estean cheas e cambiar o cebo con regularidade.

2. MALLAS

Existen mallas comerciais, fáciles de instalar nas espaleiras, que evitan que as velutinas mordan as uvas. Estas mallas non deben capturar animais como paxaros, son só para evitar o contacto da velutina cos acios.

3. RETIRADA DE NIÑOS

Se detectas niños cerca dos teus viñedos chama ao 012.



PROXECTO

POLÍGONOS VITÍCOLAS E FRUTÍCOLAS

VIÑO E FROITA

Mobilización de terras agrarias destinadas á viticultura. Outras alternativas para as terras agrarias



Elaborado por: Yaiza R. Lueje e María J. Servia
Área de Zooloxía. Facultade de Ciencias. Universidade da Coruña



OS DANOS DAS VELUTINAS EN VIÑEDOS



OS DANOS

Vespa velutina morde as uvas provocando perdas tanto de forma directa como indirecta, xa que as feridas poden ser unha vía de entrada para outros axentes patóxenos como os fungos.

Outros animais como paxaros e xabaríls comen as uvas enteiras.



DANOS PRODUCIDOS
POLA VELUTINA



DANOS PRODUCIDOS
POR PAXAROS

COMO ESTIMALOS?

Se téas perdas na tua colleita por culpa da vespa asiática e eres un pequeno produtor, con viñedos de ata 2 hectáreas aproximadamente, podes empregar este método para estimar o alcance dos danos.

- 1 Identifica os danos producidos pola velutina e diferéncios dos ocasionados por paxaros ou outros animais.
- 2 Selecciona 30 cepas se o viñado é pequeno ou ata 60 se o viñado é grande. Tenta que as cepas estean o máis repartidas posible dentro do viñado, é dicir, que non estean todas xuntas, nin todas no centro, nin todas nas beiras.
- 3 En cada cepa seleccionada, escolle tres acios ao chou. Anota a porcentaxe, en intervalos de 10%, dos danos producidos pola velutina e/ou dos danos producidos por outros animais, como paxaros.
- 4 Calcula a media dos danos dos tres acios de cada cepa, e despois calcula a media de todas as cepas seleccionadas para o estudo.

